



CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, A CONSELLERIA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP), PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE ATENCION E PROTECCIÓN DA SAÚDE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), formalizaron con data 13/11/19 un convenio de colaboración, que producirá efectos dende a súa sinatura e ata o 31 de marzo de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular as condicións que rexerán a relación entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, a FEGAMP como entidade colaboradora e os concellos que se adhiran e acepten as subvencións cuxas bases reguladoras se recollen neste convenio para o financiamento e desenvolvemento de Programas de axudas para Unidades asistenciais de drogodependencias (UADs), a través dos Concellos que dispoñan destas unidades, atendendo a planificación, criterios, guías, programas e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde no circuíto de asistencia sanitaria aos trastornos adictivos en Galicia publicado en 2011.

Que a Xunta de Galicia contribuirá ao financiamento das actividades comprendidas no obxecto deste convenio, cun importe total de TRES MILLONS NOVECIENTOS SETENTA E NOVE MIL SETECENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS (3.979.799,92 €), con cargo á aplicación orzamentaria 5001.413A.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto no referente ao importe a satisfacer no exercicio 2019 coma 2020. O importe a satisfacer no exercicio 2019 ascenderá a 2.653.063,25 € (66,7% do total) , e a cantidade restante, que ascende a 1.326.736,67 € (33,3% do total), satisfacerase no ano 2020.

Que o 3/12/2014, o 11/12/2015, o 24/11/2016, o 7/11/2017 e o 20/09/2018 asináronse candanseu convenio coa FEGAMP como entidade colaboradora e representante única de todos os Concellos que dispoñen de servizos de atención sanitaria de trastornos adictivos. Para os anos 2019 e 2020, preténdese continuar a liña de colaboración coa FEGAMP, no relativo aos servizos de atención sanitaria aos trastornos adictivos, aparecendo consignada a contía correspondente a dita colaboración en 2019 nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para dito exercicio.





Por todo o anterior e, tendo en conta as razóns de interese público, social, económico e humanitario, así como a especificidade técnica que requiren os programas a desenvolver e a prioridade de darlle continuidade aos mesmos, non resulta posible promover concorrência pública, polo que o réxime destas axudas encádrase no procedemento de concesión directa regulado nos artigos 19.4c) e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O Secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada

